



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TOURO

*Anuncio corrección erros.*

Aprobación bases proceso selectivo dunha praza de persoal funcionario de administración xeral, Grupo C, Subgrupo C2, Subescala Auxiliar Administrativa bases reguladoras do proceso selectivo.

Expediente 2024/E001/000002.

Por Decreto da Alcaldía n.º 11/2024 do 12 de xaneiro, publicado no BOP núm 13 de data 17 de xaneiro de 2024, aprobáronse as bases do proceso selectivo dunha praza de persoal funcionario de administración xeral, Grupo C, Subgrupo C2, Subescala Auxiliar Administrativa, identificado na Relación de Postos de Traballo co número 01.01.00.04, con carácter definitivo a través do procedemento de oposición libre incluída na oferta de emprego público do ano 2021.

Advertiuse un erro no punto nº 15. Protección de datos de carácter persoal. Apartado 3 FINALIDADE:

Onde di:

3 FINALIDADE

O acceso á condición de persoal funcionario interino do CONCELLO DE TOURO efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso- oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

Debe dicir:

3 FINALIDADE

O acceso á condición de persoal funcionario do CONCELLO DE TOURO efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso- oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

O que se publica para os efectos oportunos.

Touro, 22 de xaneiro de 2024

O Alcalde

Roberto Castro Rocamonde.

2024/439